



**INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL 7/2003 SOBRE
RECOÑECIMENTO ACADÉMICO DE ESTUDIOS ESTRANXEIROS
PARA ACCESO Ó TERCEIRO CICLO E A ESTUDIOS PROPIOS DA USC**

O Real Decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o Terceiro Ciclo de estudos universitarios, establece na súa Disposición Adicional 1ª que os estudantes cun título obtido nunha universidade ou centro de ensinanza superior estranxeiro que desexen cursar estudos de Terceiro Ciclo, poderán acceder previa homologación do seu título, pero que non obstante, poderán solicitar o seu acceso sen este requisito "*previa comprobación de o título estranxeiro presentado polo interesado corresponde ó nivel de Licenciado, Arquitecto ou Enxeñeiro*". Esta autorización de acceso non implica a homologación do título nin supón os plenos efectos do título de doutor.

Pola súa banda o artigo 12 do Regulamento de estudos do Terceiro Ciclo (Xunta de Goberno do 7 de abril do 2000, DOG 6 de marzo do 2001) desenvolve esta Disposición Adicional Primeira, indicando que "*a admisión previa outorgada polo Rector, por proposta do servizo administrativo correspondente, na que se indicarán a denominación do título estranxeiro e o seu recoñecemento para os efectos de realizar estudos do terceiro ciclo*".

Por Resolución Rectoral do 16 de outubro do 2003 se aprobou o procedemento para a tramitación das solicitudes de equivalencia dos estudantes con títulos universitarios estranxeiros para os efectos de cursar estudos na Universidade de Santiago de Compostela, o que esixe que se aproben criterios unitarios de interpretación.

Na aplicación práctica da tramitación de solicitudes de equivalencia suscitouse a dúbida de se o recoñecemento de título estranxeiro que fai a Universidade para os únicos efectos de acceder ós estudos de Terceiro Ciclo ou estudos propios cun título estranxeiro, debe figurar a equivalencia a un título concreto dos cursados no sistema universitario español ou se simplemente debe figurar o nivel de estudos equivalentes.

Para evitar estas dúbidas compre interpretar que segundo o Real Decreto 778/1998, do 30 de abril, o único que se esixe é unha comprobación do nivel académico estranxeiro, é dicir, si son ou non estudos superiores. Por outra banda non é posible en moitos casos determinar un título superior equivalente no Sistema Español de Educación Superior, máxime en estudos con réximes xurídicos diferentes (Latinoamérica, países alleos á UE, etc.), criterio que tamén debe estenderse ó acceso á Universidade cun título estranxeiro en estudos propios.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral dicta a seguinte Instrucción:

Na resolución de solicitudes de equivalencia de estudos estranxeiros ós efectos de ser admitidos para cursar estudos na USC no terceiro ciclo ou para a realización de estudos propios, unicamente se fará constar que os estudos cursados no estranxeiro son dun nivel equivalente ós de Licenciado, Arquitecto e Enxeñeiro, pero sen indicar o título concreto do sistema universitario español ó que podería equipararse.

Santiago de Compostela, 26 de novembro do 2003

O Secretario Xeral




Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

Sr. Xefe de Sección de Xestión e Admisión
Pavillón Estudiantil
Campus Sur